

ASUNTO: INFORME SOBRE A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA "CANARGA, S.L." PARA XUSTIFICAR A INCURSIÓN EN BAIXA TEMERARIA DA OFERTA PRESENTADA NA LICITACIÓN DAS OBRAS DE "PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DA RIBEIRA E DA ESTRADA DE SAN XIAO", A EXECUTAR ÍNTEGRAMENTE NO CONCELLO DE MOECHE (A CORUÑA)

Igor Vergara Otero, Enxeñeiro de Camiños con nº de Colexiado 25.817 e técnico redactor do proxecto "PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DA RIBEIRA E DA ESTRADA DE SAN XIAO" incluído no Plan POS+ 2019 da Deputación da Coruña, en relación co proceso de licitación destas obras e perante a incursión en baixa temeraria da oferta presentada pola empresa "CANARGA, S.L.", expón:

- A mellor oferta económica, e a única que incurriu en baixa temeraria, foi a presentada pola empresa "CANARGA, S.L." por un importe de 27.996,00 € (IVE engadido) fronte aos 33.568,90 € de Presuposto Base de Licitación do proxecto construtivo, o que supón unha baixa do 16,60 %.

Unha vez que o Concello de Moeche lle notifica á empresa "CANARGA, S.L." a situación de incursión en baixa temeraria, ésta presenta no concello a documentación para tratar de xustificar a baixa temeraria dentro do prazo que figura no prego-tipo da Deputación da Coruña.

Entre a documentación presentada por "CANARGA, S.L." para xustificar a baixa temeraria pódense atopar os seguintes apartados:

- Cartas de compromiso cós prezos ofertados polo subministradores contactados pola empresa licitadora para os materiais asfálticos (emulsións bituminosas e betúns) e a sinalización horizontal (marcas viais de cor branco).
- Descrición da concesión mineira en Carral coa que conta a empresa licitadora e lista de prezos dos áridos ofertados aos clientes de gran consumo, comprobándose que mesmo co beneficio industrial da empresa éstos son menores que os contemplados nos prezos descompostos de proxecto.
- Listado de maquinaria propia da empresa, incluíndo maquinaria de movemento de terras, pavimentación e transporte de áridos, aglomerado asfáltico e outros materiais, incluíndo o coste por hora de uso de cada máquina

Descrición das dúas plantas en propiedade de "CANARGA, S.L." para a produción de aglomerado asfáltico, de 180 e 350 t/h de capacidade e a unha distancia razoable das obras

- Novos prezos descompostos de tódalas unidades de obra, recalculados en base aos rendementos que a empresa "CANARGA, S.L." pode acadar en cada tarefa e os prezos de emulsións, betúns, áridos e marcas viais en sinalización horizontal que se inclúen no punto
-

anterior da memoria xustificativa; inclúen tamén os custos de seguridade e saúde e os medios auxiliares

- Presuposto final resultante dos prezos descompostos recalculados, sumando tódalas partidas de proxecto un custo total sen IVE de 20.565,37 €

Tendo en conta que o importe sen IVE da oferta presentada foi de 23.137,19 € isto supón que, aínda incurrindo en baixa temeraria, "CANARGA, S.L." estaría en condicións de executar as obras acadando unha marxe comercial de algo máis de 2.571 € (aproximadamente o 12,5 % do custo total sen IVE calculado de 20.565,37 €)

- Listado de obra pública en carteira actualmente, sumando o total dos importes case 8 millóns de euros

Listado de obras públicas de características similares ás obras obxecto deste informe executadas en anos recentes

- Listado de maquinaria de movemento de terras, pavimentación e compactación que a empresa podería dispoñer de xeito inmediato para comezar as obras, e que permitiría formar catro equipos de traballo simultáneos
- Certificados de estar ao tanto no cumprimento das obrigas salariais cós traballadores da empresa
- Certificados TC-1 e informe de traballadores en alta (ita), todos eles con data actual


Considérase que os novos prezos recalculados por "CANARGA, S.L." para as distintas unidades de obra están debidamente xustificadas en canto a materiais en base ás cartas de compromiso incluídas para o subministro dos mesmos e á concesión mineira coa que conta a empresa para a produción de áridos.

Ademáis, a empresa conta con maquinaria propia case totalmente amortizada (97,75 % do patrimonio en propiedade) e a escasa distancia do lugar das obras. Deste xeito, a oferta presentada adecúase á realidade actual do mercado tendo en conta que "CANARGA, S.L." é fabricante de aglomerado asfáltico con plantas de produción propias.

Ademáis tal e como se indica na memoria xustificativa a obra obxecto deste informe suporía tan so o 0,001 % do volume facturado por "CANARGA, S.L." no pasado ano 2018, polo que a solvencia económica e técnica da empresa para a execución das obras parece fora de dúbida.

Por estes motivos, por parte do abaixo asinante considérase que coa documentación aportada por "CANARGA, S.L." queda debidamente xustificada a oferta presentada para as obras de "PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DA RIBEIRA E DA ESTRADA DE SAN XIAO" por un importe de 27.996,00 € (IVE engadido), e que incurriu en baixa temeraria motivando a redacción do presente informe.

Asina a presente en Moeche a 30 de Outubro de 2019,



Asdo.: IGOR VERGARA OTERO
ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS REDACTOR DO PROXECTO
Nº de Colexiado: 25.817
